

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE N° 4 CINTA 4**

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_004_en_0_10_37_id628_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_004_en_0_10_37_id628.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o cuarto corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala brevemente do traballo nos balandros.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas.

PALABRAS CHAVE

mar, embarcación, balandro, mariñeiro, transporte de mercadoría, raba

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 4 DA CINTA 4

P: ¿E os traballos nos balandros eran mui diferentes ós dos mariñeiros?

R: Era mui diferente. Tiñan que andar... non tiñan carretas nin tiñan nada.

P: Iba todo a lombo.

R: Si, todo ó lombo.

P: Todo ó lombo, todo a forza todo.

R: E polas planchas aquelas que tiñan, baixaban os barriles da raba pola... acórdome eu aquí “Muiñeira” moitas veces poñer a plancha e vir con 30 ou 40, con case 50 barriles de raba alí...

P: De Ventura.

R: Bolealos pola plancha e despois bolealos hasta a casa, e coas sacas de fariña...

P: Sacas de fariña.

R: Sacas de fariña ó lombo, sacos de patatas ó lombo.

P: Un traballo durísimo con tanto peso toda a vida.